



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 28/04/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 29/06/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 29 de abril de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0828

CASTROVERDE

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía, do 5 de maio de 2020, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2020, e expónse ao público polo

prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 7 de maio de 2020.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0829

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA

A situación de emerxencia xerada pola evolución do COVID-19 levou ao Goberno a decretar o estado de alarma, polo Real Decreto Lei 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada. Dada a situación xerada totalas administracións e, particularmente este Concello, ditaron diferentes normas para tratar de reducir o avance dos contaxios desta enfermidade. Unha vez adoptadas ditas medidas e que o aspecto sanitario está en vías de control, é preciso facer fronte as consecuencias económicas que téñense producido e destinar fondos públicos para colaborar co tecido produtivo e cos traballadores e traballadoras que foron afectados.

Non cabe dúbida de que o cesamento da actividade derivada da citada declaración de emerxencia fai preciso que se proceda a actuar de maneira inmediata, fronte as consecuencias derivadas da crise económica provocada pola pandemia, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Monforte de Lemos, colaborando coas empresas da cidade para contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigacións empresariais, mantemento da actividade e emprego e amortecer a redución drástica de ingresos, así como apoiar aos traballadores e traballadoras que, como consecuencia da paralización de dita actividade económica, viron finalizados seus contratos de traballo, coas consecuencias de toda índole que elo conleva.

Con estas axudas preténdese protexer o interese xeral da cidadanía de Monforte de Lemos dando soporte ao tecido produtivo do Concello, tanto a autónomos, microempresas, pequena e mediana empresa, en fin, ao empresariado en xeral e tamén aos traballadores e traballadoras, para minimizar o impacto económico provocado pola crise do COVID-19 e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, prodúzase canto antes unha reactivación da economía da nosa cidade, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas.

Polo anteriormente esposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar as “**BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONFORTE DE LEMOS, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19**”, cuxo texto e o seguinte:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONFORTE DE LEMOS, PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19

(PLAN REACTIVA MONFORTE)

1.- Obxecto da presente convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Monforte de Lemos, outorgando liquidez ás empresas da cidade para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Preténdese protexer o interese xeral dos veciños de Monforte, dando axuda e aos traballadores por conta allea para minimizar o impacto da crise económica provocada polo COVID-19 e coadxuvar para que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, o dano producido sexa o menor posible, actuando directamente sobre as persoas máis afectadas.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias dun xeito complementario, sen incurrir en duplicidade mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de

dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

2.- Normativa aplicable.

1.- As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de *minimis*, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.- A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrència, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- Crédito orzamentario

A contía destinada a atender á presente convocatoria de subvencións ascende a un importe total de 1.400.000 € do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria seguinte:

4311.48001 - 1.400.000

Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible nas aplicacións orzamentarias sinaladas, queda condicionada á efectiva dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas polos importes que correspondan.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non fora dabondo a contía inicialmente consignada, poderase ampliar o crédito.

4.- Contía das Axudas

Con base no artigo 30.7 da LXS:

1.- Concederáse unha contía fixa de 1.000 euros, ás pequenas empresas (autónomos e entidades mercantís, con ou sen personalidade xurídica propia), que sexan titulares de establecementos comerciais abertos ó público antes do 14 de marzo, cando a actividade que viñesen desenvolvendo se tivese visto afectada polo peche de establecementos disposto no R.D. 465/2020 de 17 de marzo, que modificou o artigo 10 do R.D. 463/2020 de 14 de marzo.

2.- Concederáse unha contía fixa de 200 € aos traballadores autónomos que sen estar afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modificou o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo, se viran obrigados a cesar na súa actividade con posterioridade ao 15 de marzo de 2020 e por circunstancias relacionadas co Covid-19, sempre que tiveran solicitado e concedido a prestación por cese de actividade.

3.- Concederáse unha contía fixa de 200 € aos traballadores por conta allea que se tiveran visto afectados por un expediente de regulación de emprego en calquera das súas modalidades, sempre que non se tivese chegado a acordo co empregador para completar o 100 % da base reguladora.

4.- Concederáse unha contía fixa de 200 € ós traballadores por conta allea que tiveran sido obxecto de despido por parte do seu empregador por causas técnicas, organizativas ou da produción, excepciónándose os despidos disciplinarios, con posterioridade ao 15 de marzo de 2020.

5.- Concederáse unha axuda de 200 € ós traballadores contratados temporalmente cuxo contrato finalizase con posterioridade ó 15 de marzo de 2020, e non fose renovado pola falta de actividade da empresa debido a circunstancias relacionadas co Covid-19.

5.- Requisitos para ser persoa ou empresa beneficiaria.

1.- Poderán solicitar a subvención de 1000 € as pequenas empresas (autónomos e entidades mercantís, con ou sen personalidade xurídica propia), que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa traballador autónomo ou entidade mercantil, titulares de establecementos comerciais abertos o público antes do 14 de marzo de 2010, de acordo a este punto

b) Que a actividade que viñese desenvolvendo se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo.

c) Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se tivera visto compensada por un incremento da facturación mediante un aumento do volume de negocio *on line* ou telefónico do solicitante.

d) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

e) Que, o domicilio fiscal e no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Monforte de Lemos.

f) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

g) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Monforte de Lemos. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso. Sen embargo, a axuda poderá concederse igualmente e irá destinada a compensar ou reducir a débeda que esa empresa ou persoa teña co Concello, podendo recibir a diferenza se a cantidade debida é inferior á axuda concedida.

h) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Monforte de Lemos, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

2.- Tamén poderán solicitar a subvención de 200 € aquelas persoas físicas traballadores autónomos empadroados no Concello de Monforte de Lemos, que sen estar afectados polo peche de establecementos disposto no R.D. 465/2020 de 17 de marzo que modificou o artigo 10 do R.D. 463/2020 de 14 de marzo, se viran obrigados a cesar na súa actividade con posterioridade ó 15 de marzo por circunstancias relacionadas co Covid-19, nos que concorran simultaneamente as seguintes situacións:

a) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento de declaración do estado de alarma e ter cesado na súa actividade con posterioridade a esa data.

b) Que, o domicilio fiscal e no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade se atopasen no termo municipal de Monforte de Lemos.

c) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

d) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Monforte de Lemos. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso. Sen embargo, a axuda poderá concederse igualmente e irá destinada a compensar ou reducir a débeda que esa empresa ou persoa teña co Concello, podendo recibir a diferenza se a cantidade debida é inferior á axuda concedida.

e) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Monforte de Lemos, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

3.- Así mesmo poderán solicitar a subvención de 200 € aquelas persoas físicas empadroadas no Concello de Monforte de Lemos, traballadores por conta allea, nos que concorran simultaneamente as seguintes situacións:

a) Ser traballadores por conta allea e con alta no réxime xeral da seguridade social a data 1 de marzo de 2020.

b) Ter sido incluídos nun expediente de regulación temporal de emprego en calquera das súas modalidades, ou ter sido obxecto de despido por causas técnicas, organizativas ou da produción con posterioridade ao 15 de marzo de 2020, ou que o seu contrato temporal finalizase con posterioridade ó 15 de marzo e non fose renovado por falta de actividade da empresa como consecuencia das circunstancias relacionadas co Covid-19.

c) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

d) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Monforte de Lemos. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso. Sen embargo, a axuda poderá concederse igualmente e irá destinada a compensar ou reducir a débeda que esa empresa ou persoa teña co Concello, podendo recibir a diferenza se a cantidade debida é inferior á axuda concedida.

e) Ter xustificado calquera subvención que lle fose concedida con anterioridade polo Concello de Monforte de Lemos, sempre que tivese finalizado o correspondente prazo de xustificación.

6. Concorrencia con outras subvencións

Dado o carácter de complementarias das axudas reguladas pola presente convocatoria, a súa concesión será compatible coa que se puideran obter de calquera outra Administración Pública.

7. Prazo e Forma de presentación de solicitudes

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.monfortedelemos.es.

2.- As solicitudes, que deberán dirixirse ao Área de Promoción Económica-Desenvolvemento local, presentaranse no rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos, xuntando o modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior.

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de trinta días naturais contados dende o día seguinte ó da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

De acordo co disposto na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto Lei 463/2020, de 14 de marzo, dado que a finalidade das presentes axudas é a de paliar, na medida do posible, os efectos económicos que a crise sanitaria do COVID-19 produciu na actividade económica das empresas e traballadores no Concello de Monforte, e coa finalidade de evitar prexuízos graves nos intereses dos afectados, non será de aplicación a paralización dos prazos, sempre e cando nas solicitudes das axudas os interesados no procedemento fagan constar a súa conformidade coa non suspensión de ditos prazos.

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

8. Documentación a achegar.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

Para o caso pequenas empresas (autónomos e entidades mercantís con ou sen personalidade xurídica propia)

a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte no caso de autónomos. No caso de pequenas empresas xuntarase copia do DNI do administrador ou apoderado e do CIF da persoa xurídica solicitante, copia da escritura da sociedade ou contrato privado en caso de sociedades civís ou comunidade de bens.

As entidades sen personalidade xurídica propia deberá achegar declaración onde, ademais de mostrar a súa conformidade coa solicitude da subvención, nomeen a un representante ou apoderado único.

b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

c) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente no caso dos autónomos.

d) Informe de Vida Laboral das persoas físicas ou entidades mercantís expedido por a Tesourería Xeral da Seguridade Social a data 1 de marzo de 2020 ata o momento da solicitude de subvención.

e) Certificado de conta bancaria no que, no seu caso, formalizar o ingreso da subvención

f) Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou no seu caso que se viu obrigado a cesar na súa actividade por causas derivadas do Covid-19

- Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un aumento do volume de negocio *on line* ou telefónico da persoa solicitante.

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

g) Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS).

- h) No caso de traballadores autónomos que sen estar afectados polo peche do establecemento se viran obrigados a cesar na súa actividade con posterioridade o 15 de marzo de 2020, por circunstancias relacionadas co Covid-19, deberán achegar ademais a seguinte documentación:
- Solicitud de prestación por cese da actividade ou resolución da concesión da prestación emitida polo órgano competente
 - Declaración responsable onde se manifeste o motivo do cese da actividade.

Para o caso de traballadores por conta allea

- a) DNI polas dúas caras ou NIE acompañado do pasaporte.
- b) Certificado orixinal expedido pola empresa, conforme o traballador foi incluído nun expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) en calquera das súas modalidades, ou documento acreditativo de ter sido despedido por causas técnicas, organizativas ou da produción derivadas do Covid-19 (carta despido causas obxectivas, xustificante transferencia bancaria do cobro da indemnización).
- c) Certificación orixinal expedida pola empresa conforme non se complementou o 100% da base reguladora do traballador, para o caso dos traballadores en ERTE.
- d) Comunicación fin contrato temporal
- e) Informe de Vida laboral de data 1 de marzo de 2020 ata o momento de presentación da solicitude.
- f) Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias, coa seguridade social.
- g) Certificado de conta bancaria no que, no seu caso, formalizar o ingreso da subvención.

9. Procedemento e instrución do procedemento.

1.- A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

A instrución do procedemento corresponderá ao Servizo de Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Valoración composta pola concelleira de Facenda ou persoa en quen delegue, que actuará como presidenta, o secretario da Corporación ou persoa en quen delegue, que actuará como secretario, a axente de desenvolvemento local e dous funcionarios da Intervención municipal nomeados pola concelleira coordinadora. A Comisión á vista da proposta presentada emitirá un ditame de conformidade ou disconformidade que, por conduto do Servizo Instrutor, someterase á aprobación do órgano competente.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude. A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da Convocatoria.

3.- O Servizo instrutor comprobará pola súa orde cronolóxica de presentación as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

4.- Previamente a elaborar a proposta, publicaranse a efectos de notificación na páxina Web municipal, as seguintes listaxes:

- a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.
- b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.
- c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no punto 8 da Convocatoria con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto c) outorgaráselles o prazo de 5 días hábiles para que emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

9.- Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas para iso e adoptadas as medidas precisas, o Servizo Instrutor elevará a proposta de acordo á Comisión de Valoración para que a someta a aprobación do órgano competente e procederase á súa posterior publicación.

10.- O Acordo será obxecto de publicación, na páxina Web municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións, fornecendo esta publicación os efectos da notificación.

11.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de seis meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

10. Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigas dos beneficiarios, no caso de traballadores autónomos:

- a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao de levantamento do estado de alarma.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención xeral municipal.
- c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións
- e) No caso de que a beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

11. Xustificación das axudas

O control das obrigas esixidas no punto 10 desta convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Servizo de Desenvolvemento Local, sen prexuízo das labores de control financeiro que teña que realizar a Intervención municipal.

12. Pagamento da subvención

1.- O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas por falseamento dos datos, no seu caso, detallados nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

13. Reintegro das subvencións

1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerá polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

SEGUNDO.- Proceder á aprobación dos modelos de declaración responsable e de solicitude da axuda, que figuran como Anexos ao presente Decreto.

TERCEIRO.- Proceder á publicación das bases no B.O.P. en na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

Monforte de Lemos, 12 de maio de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

ANEXO I. MODELO NORMALIZADO

**SOLICITUDE****AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DE MONFORTE DE LEMOS PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19 (PLAN REACTIVA MONFORTE)**

APELIDOS E NOME			
NIF			
ENDEREZO			
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO	
EN REPRESENTACIÓN E CALIDADE DE			
NOME DA EMPRESA/ENTIDADE			
CIF			
ENDEREZO			

Acepto expresamente que todas as comunicacións e notificacións relativas a este PLAN REACTIVA do Concello de Monforte se realicen, de maneira adicional á publicación das anteriores na páxina web e no Taboleiro de Edictos electrónico do Concello, mediante o seu envío á dirección de correo electrónico indicada nesta solicitude.

Fago constar a miña conformidade coa non aplicación da paralización dos prazos.

EXPÓN

Que vista a convocatoria do PLAN DE IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA PARA PALIAR OS EFECTOS DO COVID-19 (PLAN REACTIVA), considerando que reúne os requisitos esixidos, segundo mostran os documentos que se xunta, e con expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, declara coñecer todas as obrigas como beneficiario/a (art. 14 Lei 38/2003 Xeral de subvencións).

SOLICITA

A concesión dunha subvención para (marcar os recadros que correspondan):

LIÑA 1: PEQUEÑAS EMPRESAS (AUTÓNOMOS E ENTIDADES MERCANTÍS, CON OU SEN PERSONALIDADE XURÍDICA PROPIA) AFECTADOS POLO PECHÉ DO RD 465/2020 (1.000,00 €)

LIÑA 2: TRABALLADORES AUTÓNOMOS NON AFECTADOS POLO RD 465/2020 PERO QUE SE VIRON NA OBRIGA DE SOLICITAR O CESE DA ACTIVIDADE (200,00 €)

LIÑA 3: TRABALLADORES POR CONTA ALLEA QUE SE TIVERAN VISTO AFECTADOS POR UN EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO EN CALQUERA DAS SÚAS MODALIDADES (200,00 €)

LIÑA 4: TRABALLADORES POR CONTA ALLEA QUE TIVERAN SIDO OBEXECTO DE DESPIDO POR CAUSAS TÉCNICAS, ORGANIZATIVAS OU DA PRODUCCIÓN, EXCEPCIONÁNDOSE OS DESPIDOS DISCIPLINARIOS, CON POSTERIORIDADE AO 15 DE MARZO DE 2020 (200,00 €)

LIÑA 5: TRABALLADORES CONTRATADOS TEMPORALMENTE CUXO CONTRATO FINALIZASE CON POSTERIORIDADE AO 15 DE MARZO DE 2020 (200,00 €)

Monforte de Lemos, de de 2020

Asdo.

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou no seu caso que se viu obrigado a cesar na súa actividade por causas derivadas do Covid-19
- Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un aumento do volume de negocio *on line* ou telefónico da persoa solicitante.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro

Monforte de Lemos, de do 2020.

Asdo.

Monforte de Lemos, 12 de maio de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0846

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de marzo de 2020, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de FEBREIRO de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de dous mil oitocentos sesenta e un euros con sesenta e un céntimos (2.861,61 €), dos que novecentos vinte euros con corenta céntimos (920,40 €) corresponden a libre concorrência e mil novecentos corenta e un euros con vinte e un céntimos (1.941,21 €) a dependencia.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de abril de 2020, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de MARZO de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de dous mil corenta e catro euros con cincuenta e tres céntimos (2.044,53 €), dos que cincocentos sesenta e catro euros con sesenta céntimos (564,60 €) corresponden a libre concorrência e mil catrocentos setenta e nove euros con noventa e tres céntimos (1.479,93 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oural, 29 de abril de 2020.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0830

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía, prestouse aprobación ós padróns que abaixo se relacionan, todos correspondentes ó 2º semestre de 2019, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se produza a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003.)

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003.

O Vicedo, 7 de maio de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0831

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 7 de maio de dous mil vinte, prestouse aprobación ás liquidacións correspondentes ó padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas correspondente ó ano 2020.

De conformidade co disposto no artigo 102.3 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en relación co disposto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, quedan expostos ó público, durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas no padrón e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá desestimado transcorrido un mes dende a súa interposición sen resolverse expresamente.
- Contencioso – administrativo, perante o Xulgado do Contencioso – administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non fose expresa.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

O Vicedo, 7 de maio de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0832

XERMADE

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO POLO QUE SE DESENVOLVE O RÉXIME DE CONTROL INTERNO SIMPLIFICADO DA ENTIDADE LOCAL

O Pleno do Concello de Xermade aprobou inicialmente o regulamento polo que se desenvolve o réxime de control interno simplificado da entidade local na sesión ordinaria celebrada o 16 de abril de 2020.

Consonte ao disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, o expediente sométese a información pública e audiencia das persoas interesadas polo prazo de trinta días, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O expediente pode consultarse na Secretaría-Intervención do Concello de Xermade e o texto íntegro do regulamento está publicado na sede electrónica:

<https://concelloxermade.sedelectronica.es/board/97521486-f59b-11de-b600-00237da12c6a/>

Xermade, 7 de maio de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0833
